



CONCELLO DE BEGONTE

REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS

CAPÍTULO I NORMAS XERAIS

Artigo 1.- Coa fin de recoñecer e premiar aquelas persoas ou entidades que polos seus propios méritos ou servicios acadasen prestixio social relevante no eido en que desenvolvan as súas actividades e pola súa vinculación co municipio contribúan a súa boa imaxe e a divulgar o seu coñecemento.

Artigo 2.- Os premios e recoñecementos que se establecen neste regulamento atenderán especificamente á traxectoria persoal ou profesional consolidada de adicación a un determinado labor. Como norma xeral non poderán ser premiados con honras e distincións persoas cunha adscrición ou militancia política pública, nin persoas condenadas por sentenza xudicial firme da orde xurisdiccional penal.

Artigo 3.- Tódalas distincións a que fai referencia este regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sin que, polo tanto, outorguen ningún dereito administrativo, nin de carácter económico.

Artigo 4.- Poderán concederse algún dos seguintes títulos e distincións:

- **FILLO PREDILECTO OU ADOPTIVO DE BEGONTE.**
- **MEDALLA DE BEGONTE.**

CAPÍTULO II DOS DISTINTIVOS HONORÍFICOS

Artigo 5.- Fillo predilecto de Begonte.

O concello de Begonte institúe o título de FILLO PREDILECTO DE BEGONTE coa finalidade de premiar aquelas persoas ou entidades que polos seus propios méritos ou servicios acadasen prestixio social relevante no eido en que desenvolvan as súas actividades e pola súa vinculación co municipio contribúan a súa boa imaxe e a divulgar o seu coñecemento. Este título será concedido atendendo especificamente á traxectoria persoal ou profesional consolidada de adicación a un determinado labor.

Tamén poderán concederse este título ás persoas ou entidades que prestasen servicios extraordinariamente relevantes para os intereses xerais do municipio que as fagan merecentes do agradecemento e da gratitude pública dos cidadáns.

O título de fillo predilecto somentes poderá recaer naquelas persoas físicas que nacesen no municipio, ou as entidades con domicilio social no término municipal.

Como regra xeral non se concederá máis dunha distinción por ano, se ben estas poderán incluír a varias persoas con vínculos persoais, familiares ou profesionais que así o aconsellen.

Artigo 6.- Fillo adoptivo de Begonte

Concederase este título, atendendo ós criterios establecidos no artigo anterior, ás persoas físicas ou xurídicas polos méritos e servicios sinalados no artigo 5 cando non nacesen ou teñan o seu domicilio social no municipio.



CONCELLO DE BEGONTE

Artigo 7.- Medalla do municipio de Begonte

O concello de Begonte institúe a distinción “Medalla do municipio de Begonte” coa finalidade de premiar aquelas persoas ou entidades que prestasen servizos relevantes para os intereses xerais do municipio que as fagan merecentes do agradecemento e da gratitude pública dos cidadáns.

Poderá distinguirse tamén coa medalla do concello a aquelas persoas ou Entidades que polos seus propios méritos acadasen recoñecemento social no eido en que desenvolven as súas actividades e que pola súa vinculación co noso municipio contribúan a promover a súa imaxe e a divulga-lo seu coñecemento.

Artigo 8.- O nomeamento de fillo predilecto ou adoptivo estenderase nun pergameo no que constarán o nome e apelidos do premiado, a razón ou razóns en que se basea a súa concesión e a data do recoñecemento pola Corporación. Irá asinado polo alcalde e polo secretario do concello. Entregarase así mesmo unha placa na que constarán a declaración de fillo predilecto ou adoptivo, a data do recoñecemento e o seu nome e apelidos.

Artigo 9.- A medalla será confeccionada en ouro e levará por diante a lenda “Concello de Begonte” e gravado o escudo tradicional ou heráldico do concello de existir, ou no seu defecto, o escudo de Galicia; pola volta levará inscritos o nome e apelidos do premiado e a data da concesión da distinción.

CAPÍTULO III DO PROCEDIMENTO

Artigo 10.- Iniciación do procedemento. O procedemento para a concesión do título de “Fillo predilecto ou adoptivo” de Begonte, ou da distinción “Medalla do municipio de Begonte” poderá comezarse de oficio, ben polo Alcalde ou pola Xunta de Goberno Local, ou por petición razonada.

Corresponderá a instrución do mesmo a unha comisión presidida polo alcalde, sendo vocais os representantes de cada un dos grupos políticos municipais, en proporción a súa representatividade. Esta comisión formulará proposición razoada na que constarán os méritos do candidato.

Artigo 11.- Acordo de aprobación.

Tralo dictame favorable da comisión citada no artigo anterior, a decisión correspóndelle ó pleno da corporación e require o voto favorable das tres cuartas partes dos membros que legalmente a compoñen.

Artigo 12.- Acto de entrega.

O concello entregarlles ós premiados o título do nomeamento e a medalla nun acto solemne ó que será convocada a corporación.



CONCELLO DE BEGONTE

Artigo 13.- Dereitos do premiados.

A concesión dos títulos mencionados neste regulamento non lles dá dereito ós premiados a interviren no goberno e na administración municipais, pero o alcalde poderá encomendarlles funcións representativas.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor, logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.